

RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDA AO PROXECTO: "COMERCIALIZACIÓN DIRECTA DE PRODUTOS DA PESCA ARTESANAL RESPONSABLE E INVESTIGACIÓN DE NOVAS CONSERVAS A PARTIR DE PERCEBE" PRESENTADO POR MAR DE SILLEIRO S.L.

En relación á solicitude de axuda presentada por Mar de Silleiro, SL para o proxecto "Comercialización directa de produtos da pesca artesanal responsable e investigación de novas conservas a partir de percebe", na segunda convocatoria de 2011 que en virtude do artigo 13.6. solicita que se teña en conta a súa solicitude na primeira convocatoria do ano 2012

Vista a proposta de resolución definitiva efectuada polo GAC 7 - Ría de Vigo a Guarda para a primeira convocatoria do ano 2012 das axudas para proxectos ao abeiro dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Medio Rural e do Mar aos grupos de acción costeira, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Pesca.

Revisado o correspondente expediente, de conformidade coa proposta da directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e ao abeiro da seguinte normativa de aplicación:

- Regulamento (CE) Nº 1198/2006, do Consello, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo de Pesca.
- Regulamento (CE) nº 498/2007, da Comisión, do 26 de marzo, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) Nº 1198/2006, do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Pesca e o resto da normativa comunitaria de aplicación ás axudas.
- Preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.
- Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Orde do 16 de marzo de 2011(DOG nº 57 de 22 de marzo de 2011) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira (financiadas polo Fondo Europeo da Pesca) modificada pola Orde do 5 de xullo de 2012 (DOG nº 143 de 27 de xullo de 2012).
- Orde do 31 de xullo de 2012 (DOG 154 de 13 de agosto de 2012) pola que se fixa o importe do crédito dispoñible na convocatoria de 2012 para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Medio Rural e do Mar aos grupos de acción costeira, convocadas pola Orde do 16 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento da súa concesión (con financiamento do Fondo Europeo de Pesca).

- Os convenios de colaboración asinados entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e cada un dos Grupos de Acción Costeira.
- Orde do 30 de marzo de 2012 de delegación de competencias no secretario xeral técnico, secretarios xerais, e xefes territoriais da Consellería do Medio Rural e do Mar e no presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia.

A conselleira do Medio Rural e do Mar **RESOLVE** conceder a axuda ao seguinte proxecto nas condicións que a continuación se sinalan:

DENOMINACION DO PROXECTO	Comercialización directa de produtos da pesca artesanal responsable e investigación de novas conservas a partir de percebe	CÓDIGO	GAC7-058
BENEFICIARIO	MAR DE SILLEIRO S.L.	DNI/CIF	B27741123
IMPORTE TOTAL DO PROXECTO	39.218,00 €		
PORCENTAXE DA SUBVENCIÓN	55 %		
IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA (en euros)	TOTAL (suma de 1+2)	21.559,88 €	
	1. FEP (75%)	16.169,91 €	
	2. Fondos do Estado e da Comunidade Autónoma (25%)	5.389,97 €	
PROXECTO PLURIANUAL (SI/NON).	Non	Nº DE ANUALIDADES:	2
PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN 2012 (Data de remate)	20/12 2012		
PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN 2013 (Data de remate)	31/10/2012		

Anualidade 2012

Concepto	Subvencionable	Valor presupostado	Importe subvencionado
Deseño de material grafico	Sí	8.223,57	4.522,96
Investigación e desenvolvemento de tres novas formulas para conservas	Sí	3.865,00	2.125,75
Adecuación da páxina web os novos produtos	Sí	1.000,00	550,00
Nevera expositora	Sí	397,80	218,79
Total Anualidade 1		13.486,37	7.417,50

Anualidade 2013

Concepto	Subvencionable	Valor presupostado	Importe subvencionado
Envasadora / Cerradora al vacío	Sí	1.500,00	825,00
Abatidor de frío	Sí	12.000,00	6.600,00
Estudo que inclúe o análise das características das cooperativas de consumo	Sí	3.850,00	2.117,50

Bolsas promocionales	SÍ	2.660,00	1.463,00
Suministro e colocación de mesas de traballo e fregadeiros	SÍ	4.500,00	2.475,00
Deseño de material grafico	SÍ	1.203,43	661,88
Total Anualidade 2		25.713,43	14.142,38

O/A beneficiario/a da axuda comprométese a:

- Aceptar a presente resolución de concesión de axuda.
- O mantemento do investimento durante un período mínimo de 5 anos dende o último pago efectuado pola Consellería do Medio Rural e do Mar.
- O mantemento dos compromisos de emprego, de ser o caso, contemplados na memoria que acompaña á solicitude durante un prazo de cinco anos.
- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención. A Consellería do Medio Rural e do Mar aceptará modificacións nos diversos conceptos de gasto aprobados sempre que o incremento non supere o 15%, e que no seu conxunto non varíe o importe total do gasto aprobado e non desvirtúe as características do proxecto e as condicións que se tiveron en conta para a concesión da axuda.
- Xustificar ante o GAC, se é o caso, o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención, conforme ao establecido no artigo 17 da Orde do 16 de marzo de 2011 (DOG nº 57 de 22 de marzo de 2011) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plan estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira (financiadas polo Fondo Europeo da Pesca).
- Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente ou o GAC, se é o caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Comunicarlle ao órgano concedente e ao GAC a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Acreditar ante o GAC, na solicitude do pagamento, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.
- Dispoñer dos libros contables e de un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas coa axuda, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola

lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, durante o mesmo prazo que o mantemento do investimento.
- O cumprimento dos requisitos de publicidade que esixe a normativa comunitaria do FEP (valados informativos, placas conmemorativas permanentes, segundo o tipo de investimento), e que están especificados no artigo 4º da Orde do 16 de marzo de 2011 (DOG nº 57 de 22 de marzo de 2011) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira (financiadas polo Fondo Europeo da Pesca) modificada pola Orde do 5 de xullo de 2012 (DOG nº 143 de 27 de xullo de 2012), a saber:
 - o Se é o caso, instalación dunha placa ou cartel cos logotipos das administracións que cofinancian o proxecto e a referencia ao Fondo Europeo de Pesca 2007-2013 co lema "Europa inviste na pesca sustentable".
 - o En todas as publicacións, carteis e calquera outra información ofrecida en calquera medio, papel ou electrónico, incluírase de xeito claro e visible a participación da Consellería do Medio Rural e do Mar, do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, e da Unión Europea, a través do Fondo Europeo de Pesca.

O incumprimento destas obrigas así como os supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia será causa de reintegro da subvención.

Os beneficiarios da presente concesión de axuda deberán comunicar, no prazo de 10 días, a súa aceptación ou rexeitamento á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Medio Rural e do Mar. A falta de comunicación expresa, entenderase tacitamente aceptada a axuda, segundo dispón o artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende o día seguinte a notificación da presente resolución, segundo o establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo, con carácter potestativo, poderase interpor recurso de reposición ante a conselleira do Medio Rural e do Mar no prazo dun mes dende a recepción da presente notificación. A interposición deste recurso, que se resolverá e notificará nun prazo máximo dun mes, suspenderá o prazo para acudir á vía contencioso-administrativa.

A CONSELLEIRA
Rosa María Quintana Carballo
17 de outubro de 2012
O SECRETARIO XERAL DO MAR



A Conselleira Asdo.: Juan Carlos Maneiro Cadillo